

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE.- 2118/2020**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta, en funcións, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 19 de xuño de 2020, relativo a Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), ao amparo da Resolución do 09/06/2020 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro unha praza de peón forestal, con número de expediente: 2118/2020.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de contrato laboral obra ou servizo determinado de interese social coas cláusulas específicas de traballos de interese social, como empregado público ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), para a contratación de un traballador non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2020.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego con n.º 12-2020-4750 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8, que sinala *“(...)Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 1 mes. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión...”*

Vista a base específica punto 3 relativo aos requisitos que deben cumprir os aspirantes para ser admitidos ao proceso selectivo, na que sinala *“(...)Coñecemento do idioma galego: **CELGA 2...**”*

Vista a base xeral 9, que sinala *“(...) Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.*

*A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto...”*

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte **lista provisional de admitidos e excluídos:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	MONTEIRO SALAZAR JACINTO	NON EXENTO
2	RAMÍREZ JIMENEZ JOSE FIDEL	EXENTO
3	RAMÍREZ MONTOYA JESÚS	NON EXENTO

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

**SEGUNDO.-** CITAR AOS ASPIRANTES RELACIONADOS A CONTINUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DE GALEGO (BASE XERAL 3. h), POR NON TER ACREDITADO O NIVEL DE GALEGO ESIXIDO (BASE ESPECÍFICA PUNTO 3) NO **CONCELLO DE VIVEIRO O XOVES 02 DE XULLO DE 2020 ÁS TRECE HORAS.**

APELIDOS E NOME
MONTEIRO SALAZAR JACINTO
RAMÍREZ MONTOYA JESÚS

Esta proba de Galego é obrigatoria e eliminatória e cualificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídos do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a cualificación de non apto (Base Xeral 9).

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa, en funcións,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

